



ELECCIÓN Á XUNTA DE GOBERNO

22 de decembro de 2022

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante ICASC), na sesión do día 25.10.2022, tomou o acordo de convocar eleccións para cubrir os cargos de decano/a, deputado/a primeiro/a, deputado/a cuarto/a, bibliotecario/a e deputado/a quinto/a desta Xunta de Goberno, segundo os criterios dispostos na seguinte convocatoria.

CONVOCATORIA

Na data desta sesión quedan convocadas as eleccións que terán lugar o **22 de decembro de 2022**, ás 10.00 h, no salón de actos do ICASC, a teor do previsto nos artigos 66 e 67 e 76 a 83 do Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e nos concordantes do Estatuto xeral da avogacía española.

Os cargos electos son os de decano/a, deputado/a primeiro/a, deputado/a cuarto/a e bibliotecario/a, por cesamento regulamentario de D. Francisco Rabuñal Mosquera, D^a M^a Carmen González Ferro, D^a Patricia López Arnosó e D^a M^a Jesús Vieito Mayo, respectivamente; e o de deputado/a quinto/a, por renuncia de D. Timoteo J. Gutiérrez Valerio. Este último cargo será elixido unicamente para o resto do mandato que quedase da persoa substituída (art. 62.2 do Estatuto do ICASC).

Os devanditos cargos serán elixidos entre colexiados e colexiadas exercentes e residentes na demarcación do Colexio que, no momento de se proclamar as súas candidaturas, acrediten as seguintes antigüidades mínimas de exercicio profesional:

- Para decano/a e deputado/a primeiro/a: 10 anos
- Para bibliotecario/a, deputado/a cuarto/a e deputado/a quinto/a: 3 anos

Os candidatos e candidatas non poderán incorrer en ningunha das seguintes situacións:

- a) Ter condena por sentenza firme que leve aparellada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, en canto estas subsistan.
- b) Ter sanción disciplinaria en calquera colexio da avogacía, sen contar coa correspondente rehabilitación.
- c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.

Todos os prazos recollidos nesta convocatoria computaranse por días naturais (artigo 76.2.1º do Estatuto do ICASC).

I. Dereito de sufraxio e valor do voto

Terán dereito de sufraxio activo todos os colexiados e colexiadas cunha incorporación ao ICASC de máis de tres meses de antelación con respecto á data de convocatoria das eleccións (artigo 77.1), segundo o censo publicado xunto coa presente convocatoria.



O voto dos Colexiados e Colexiadas exercentes terá valor dobre que o voto dos e das non exercentes. (Artigo 77.2)

II. Voto por correo

A elección realizarase por votación directa e secreta dos Colexiados e Colexiadas. A elección poderase realizar mediante voto por correo, garantíndose a autenticidade e o seu segredo. O voto por correo axustarase ás seguintes normas:

O Colexiado ou Colexiada que faga uso do seu dereito ao voto por correo, previsto no Estatuto do ICASC, deberá solicitalo con carácter previo, a partir da data da convocatoria e ata o décimo día anterior ao da votación (**12.12.2022, ás 20.00 h, fin do prazo para solicitar o voto por correo**), mediante unha instancia subscrita polo elector ou electora dirixida á Xunta de Goberno co fin de que se lle recoñeza a calidade de votante por correo. A antedita solicitude poderase presentar ben persoalmente na secretaría do ICASC (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, Santiago de Compostela), logo de acreditar a súa personalidade, ou ben mediante correo postal no que se achegue unha fotocopia compulsada do seu DNI ou remitíndoa por correo electrónico con sinatura dixital ao enderezo registro@icasantiago.org.

Unha vez que a secretaría do ICASC reciba a solicitude, comprobarase a condición de Colexiado/a e elector/a, efectuarase a anotación correspondente no censo e, de ser o caso, expedirase o certificado de inscrición. Se o día da votación o elector votase persoalmente, o voto recibido por correo será anulado.

A secretaría do ICASC remitiralle ao elector ou electora por correo certificado, ao seu domicilio profesional que conste na base de datos de Colexiados e Colexiadas do ICASC, a seguinte documentación:

- certificación acreditativa da súa condición de Colexiado/a e elector/a;
- papeletas das distintas candidaturas;
- sobre branco para as papeletas;
- sobre grande, numerado e impreso coa lenda “inclúe papeleta de voto por correo para as eleccións que se realizarán o 22.12.2022” e mais o enderezo do ICASC.

Dentro do sobre grande numerado, o elector ou electora introducirá o certificado acreditativo da súa condición de Colexiado/a-elector/a e o sobre branco, no que deberá introducir unicamente a papeleta de voto, ou ben o sobre baleiro se quere votar en branco.

A devandita documentación será remitida por correo certificado ao enderezo da mesa electoral que aparece impresa no sobre grande (Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, 15702 Santiago de Compostela).

O voto por correo deberá ser recibido antes das 20.00 h do día anterior á celebración das eleccións (**21.12.2022, ás 20.00 h**).

ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº Registro: RS-001636
Of. Registro: ICA SANTIAGO
28/10/2022 08:36:21
Páxina: 2 de 5

REGISTRO SALIDA



III. Tramitación

Os trámites que se han seguir ata a celebración do acto electoral son os seguintes:

A convocatoria será anunciada, como mínimo, con 30 días de antelación. A elección efectuarase o día sinalado (22.12.2022) entre as 10.00 e as 17.00 h en que se procederá ao peche das urnas e ao seu correspondente escrutinio.

Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria electoral, a secretaría encargárase do seguinte:

- a) Publicar a convocatoria electoral no taboleiro de anuncios e na páxina web do ICASC, así como remitila por circular a todos os colexiados e colexiadas por medio de correo electrónico. Na convocatoria deberá constar a seguinte información:
 - Os cargos que han ser obxecto de elección e os requisitos tanto de antigüidade como de situación colexial esixidos para poder aspirar a cada un deles.
 - O día e a hora da celebración do acto electoral e a hora en que se pecharán as urnas para dar comezo ao escrutinio.
- b) Expor no taboleiro de anuncios do ICASC o censo separado de colexiados e colexiadas exercentes e de non exercentes con dereito a voto (**28.10.2022, exposición de listaxes censuais**).

IV. Censo

O censo de colexiados e colexiadas con dereito a voto (incorporacións ao ICASC con máis de tres meses de antelación á data da convocatoria: altas ata o 24.07.2022) publicarase en listas separadas, de colexiados e colexiadas exercentes e non exercentes, e terá os seguintes datos:

- Data de incorporación ao ICASC
- Número de colexiación
- DNI
- Apelidos e nome

Unha vez presentadas as candidaturas, estas terán acceso a unha copia dos censos.

Os colexiados e colexiadas que desexaren formular reclamacións contra as listaxes de electores, haberán de presentalas dentro do prazo dos **cinco días** seguintes á súa exposición (**do 29 de outubro ao 2 de novembro de 2022, ás 20.00 h**).

No caso de existir reclamacións contra as listaxes, a Xunta de Goberno, sen participación dos deputados ou deputadas que cesan dos seus cargos, resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas. A súa notificación seralle notificada a cada reclamante dentro dos dous días seguintes.

V. Candidaturas

As candidaturas deberán presentarse na secretaría do ICASC, con 15 días de antelación, cando menos, á data sinalada para o acto electoral. As candidaturas presentadas deberán estar acompañadas dunha declaración xurada de non incorrer



en ningunha das situacións recollidas no artigo 66.2 do Estatuto do ICASC. **(07.12.2022, ás 20.00 h, fin do prazo para presentar candidaturas).**

As candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos ou individuais para cargos determinados e deberán ser subscritas exclusivamente polos propios candidatos e candidatas.

Ningún colexiado ou colexiada poderá presentar a súa candidatura a máis dun cargo.

No día seguinte á finalización do prazo de presentación de candidaturas **(08.12.2022)**, a Xunta de Goberno, sen participación dos deputados ou deputadas que cesan dos seus cargos e se presentan á reelección, tomará o acordo de proclamar como candidatos e candidatas a quen reúna os requisitos legais esixibles e considerará electos ou electas a quen non teña oponentes.

A seguir, o devandito acordo publicarase no taboleiro de anuncios e seralles notificado aos candidatos e candidatas. Dende a secretaria do Colexio, por medio do servizo de información colexial, o acordo será comunicado por correo electrónico a todos os colexiados e colexiadas.

VI. Mesa electoral

Para a celebración da elección, constituirase a mesa electoral. Esta mesa estará integrada polo secretario da Xunta de Goberno como presidente, auxiliado como mínimo por dous membros máis da propia Xunta, como vogais, dos que o máis moderno actuará como secretario. Non poderán formar parte da Mesa os deputados ou deputadas da Xunta que cesan dos seus cargos e se presentan á reelección. Cada candidato poderá, pola súa parte, designar de entre os colexiados e colexiadas un ou máis interventores para que o representen nas operacións da elección.

Na mesa electoral deberá haber unhas urnas separadas para o depósito dos votos dos colexiados e colexiadas exercentes e non exercentes. As urnas deberán estar pechadas, deixando unicamente unha abertura para depositar os votos.

Unha vez constituída a mesa electoral, o presidente indicará o comezo da votación e, á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados e colexiadas que xa estivesen na sala. Os membros da mesa votarán en último lugar.

VII. Duración, papeletas e acreditación

A elección terá de duración para o seu desenvolvemento o tempo fixado **entre as 10.00 e as 17.00 h.**

As papeletas de voto deberán ser brancas, do mesmo tamaño (medio folio A4), editadas polo ICASC e deberán levar impresos por unha soa cara de forma correlativa os cargos a cuxa elección se procede.

Os candidatos e candidatas poderán pola súa parte confeccionar papeletas, que deberán ser exactamente iguais ás editadas polo ICASC, segundo o modelo facilitado dende o Colexio.



Na sede en que se celebren as eleccións, a Xunta deberá dispor do número suficiente de papeletas cos nomes dos candidatos e candidatas en branco.

Os e as votantes deberán acreditar ante a Mesa Electoral a súa personalidade. A Mesa comprobará a súa inclusión no censo elaborado para as eleccións; o seu presidente pronunciará en voz alta o nome e os apelidos da persoa votante e indicará que vota; deseguido, o presidente introducirá a papeleta na urna correspondente.

VIII. Escrutinio

Logo de finalizar a votación, procederase ao escrutinio lendo en voz alta todas as papeletas.

Deberán ser declarados nulos totalmente aqueles votos que conteñan expresións alleas ao estrito contido da votación ou que conteñan riscaduras ou marcas escritas e, parcialmente, en canto ao cargo que afectase, as que indiquen máis dun candidato ou candidata para un mesmo cargo, ou nomes de persoas que non concorran á elección. Aquelas papeletas que estean só parcialmente cubertas en canto ao número de candidatos ou candidatas, pero que reúnan os requisitos esixidos para a súa validez, serano para os cargos e as persoas correctamente expresados.

Unha vez finalizado o escrutinio, a presidencia anunciará o resultado e deseguido proclamará electos os candidatos e candidatas que obtivesen o maior número de votos para cada cargo. No caso de empate, declararase electo ou electa a quen teña maior tempo de exercicio no ICASC.

IX. Constitución

No prazo de **cinco días** dende a constitución dos órganos de goberno, esta seralles comunicada ao Consejo General de la Abogacía Española, ao Consello da Avogacía Galega e á Dirección Xeral de Xustiza, indicando a súa composición e o cumprimento dos requisitos legais.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2022

O secretario

Manuel Francisco Martín García

